

**INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO
13 DE DECEMBRO DE 2005
VALEDOR: RAMÓN YZQUIERDO PERRÍN**

O artigo 104, punto 3 dos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña establece que “*O valedor universitario deberá presentar anualmente ante o claustro universitario unha memoria da súa actividade coas recomendacións e suxestións oportunas*”, por iso comparezo de novo perante este claustro para presentar a memoria das actuacións realizadas desde o 17 de xuño de 2004, data da miña anterior comparecencia. Á marxe da casuística que desde aquel momento tivo entrada na oficina do valedor, a que máis adiante me referirei, quero tratar agora aqueles outros temas que enlazan co formulado nesa ocasión para que as miñas intervencións manteñan unha inequívoca liña de lealdade e servizo á Universidade da Coruña.

O citado artigo 104 dos Estatutos establece no seu punto 1, apartado a, que corresponde ao valedor “*Propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento*”. Esta obriga leveina a cabo hai uns meses cando entreguei ao presidente da Mesa do Claustro universitario a miña proposta para que se debata cando o considerar procedente. A miña proposta artículase en sete capítulos que teñen no seu conxunto 17 artigos. Neles defínese, de acordo coa normativa vixente e, en particular, dos Estatutos, a figura do valedor universitario, a súa consideración dentro do organigrama da propia universidade, a súa elección e o seu cesamento, as súas funcións, a actuacións e o procedemento, a reforma do regulamento e a súa entrada en vigor. No seu momento o claustro tratarao e aprobará un novo regulamento. Mentres tanto seguen vixentes aqueles puntos do anterior que non colisionan cos Estatutos, nin coa figura do valedor que substituíu a desaparecida “Comisión de Garantías”, polo que o seu funcionamento está garantido.

Referíame no informe de xuño de 2004 ás necesidades que consideraba máis urxentes para o que, ao meu xuízo e experiencia, entendo un funcionamento adecuado do valedor universitario. Manifestaba daquela o meu convencemento de que a oficina do valedor debía de localizarse “*nun local universitario que non pertenza a ningún centro docente nin, menos, se encontre, como ocorre na actualidade, no edificio da Reitoría, xa que pode levar a xulgar que se trata dunha oficina máis*” desta. No mesmo parágrafo afirmaba que “*aínda que pareza unha obviedade na oficina do defensor non poden atenderse e tratarse máis que asuntos do defensor, e, por estraño que pareza, isto tampouco se cumpre na Universidade da Coruña*”.

A situación non mudou, a pesar de que se me dixo que nunha reunión, creo que do Consello de Goberno, de finais de 2004 ou comezos de 2005, se acordara trasladar a oficina do valedor ao edificio de Riazor que alberga, entre outras dependencias universitarias, o Consello Social e que a secretaria administrativa deste sería, tamén, a do valedor. O edificio era e é adecuado; a mellora do apoio administrativo, a todas luces mellorable mais, cando menos, conseguíase unha separación física doutras comisións dependentes da Reitoría. Non obstante, o traslado non se materializou e a esperanza nel permanece como un fervente desexo para o xa inmediato 2006.

Pola súa parte os aspectos relativos á figura do valedor dentro do organigrama de cargos da Universidade da Coruña confío que se resolverán co novo regulamento en cuxo proxecto se trata a súa equiparación coas restantes universidades galegas e españolas. O que si se solucionou de maneira satisfactoria é a relativo á disposición orzamentaria, polo que manifesto o meu agradecemento ao que foi vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, hoxe alto cargo na Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, cuxa comprensión solucionou un tema que foi, durante anos, unha reivindicación habitual da oficina do valedor.

Mellorouse igualmente a páxina web e actualizouse o enderezo de correo electrónico do valedor, un medio que utiliza un crecente número de universitarios tanto para consultas que non requiren a apertura dun expediente, como para temas de especial urxencia na súa resolución por se derivaren deles consecuencias graves para as persoas que os formulan. O meu recoñecemento, pois, aos servizos informáticos e ao vicerreitor que os coordina e dirixe.

Remataba en 2004 esta parte do meu informe cun chamamento á colaboración e á axuda de todos os estamentos universitarios ás solicitudes de información por parte do valedor, xa que é o único camiño para verificar e intentar resolver ou, polo menos, encamiñar os casos que se lle formulan. O feito de non proporcionar a información que se solicita coa celeridade requirida non só prolonga no tempo situacións que deben corrixirse ou aclararse, senón que invalida, ao facela inoperante, a propia figura do valedor. É posible que nos últimos meses houbera, en xeral, unha maior axilidade neste procedemento, aínda que non sempre é así e considero obxectivo prioritario e ineludible que todos os colectivos universitarios contesten con rapidez e rigor. Non hai ningunha xustificación para considerar o valedor un individuo impertinente e fiscalizador, hai que velo como o elixido polo Claustro para que o entramado da Universidade

funcione coa precisión dun reloxo, e coa maior transparencia e ecuanimidade en todas as súas actuacións.

Na miña anterior comparecencia manifestaba certo receo sobre o recente acordo do Consello de Goberno relativo ao aprobado por compensación, cuxo funcionamento xerou xa algunhas dificultades e indesexadas consecuencias para certos alumnos que confiaron nel para resolver o seu problema persoal. O maior obstáculo está na nota media que lles esixen alcanzar para optar a tal aprobado por compensación. Se o que se pretende é resolver casos especiais, quizais sería oportuno reconsiderar ese punto para que non se convertese nunha barreira tan infranqueable como a materia que se pretende superar.

Quero destacar agora o esforzo que, seguramente, supuxo para a Universidade da Coruña cumprir o estipulado na disposición transitoria terceira dos Estatutos, que mellorou os contratos dos profesores axudantes e contratados que gañaron os concursos que para tal efecto se convocaron. É desexable que aqueles casos en que se produciron reclamacións se resolvan coa maior brevidade co obxecto de os profesores propostos formalizaren canto antes a súa nova vinculación contractual coa universidade. A calidade da docencia e investigación serán, sen dúbida, as grandes beneficiadas. Nesta mesma liña fago un chamamento para que todos os profesores da Universidade da Coruña que superaron as probas de habilitación nos concursos convocados a nivel estatal se incorporen coa maior brevidade como profesores titulares ou catedráticos xa que os seus servizos e coñecementos son necesarios para a boa marcha da universidade e demostraron a súa valía ante tribunais competentes.

Desde a miña comparecencia, tantas veces citada, do 17 de xuño de 2004 a mediación do valedor universitario foi solicitada, ata o día de hoxe, en 54 novos casos, unha cantidade que case duplica os 23 que se presentaron ao longo do curso 2003-2004. Tan espectacular crecemento non obedece, con todo, a un obxectivo empeoramento no funcionamento da Universidade, senón a que esta comparecencia abarca un ano e medio, a que se ampliou a mediación do valedor a unha maior casuística e, tamén, á campaña de información sobre o valedor que se realizou a través dun díptico incorporado nos sobres de matrícula e a súa redistribución nos centros da Universidade nos períodos máis proclives a presentar queixas ou reclamacións ou, simplemente, a solicitar unha maior información.

Dos 54 casos aludidos 46 foron formulados por alumnos, e os 8 restantes por profesores. Como noutras ocasións o colectivo do PAS non acudiu ao valedor para temas relativos ás súas competencias e destinos,

aínda que están presentes nalgúns casos, por exemplo, cando solicitan exención de taxas académicas pola súa dupla condición de novos funcionarios e alumnos, ou nalgunha das mediacións que se solicitaron ao valedor.

Como é habitual os exames, a súa corrección e, sobre todo, as cualificacións que reciben foron obxecto dun número significativo de reclamacións e consultas. Moitas poderían terse evitado se os alumnos recibisen unha información adecuada sobre a realización e a valoración das probas; a avaliación, se for o caso, da asistencia ás clases teóricas ou prácticas; se se trata de materias experimentais con respecto aos futuros planos de estudo conformes á normativa europea... A casuística é enormemente variada, polo que sería conveniente que o alumno tivese sempre unha información clara, precisa e, de ser posible, por escrito. Evitaríanse así, sen dúbida, moitos desencontros.

Igualmente, os alumnos han de coñecer a normativa que deben seguir cando queiran reclamar unha determinada cualificación e, de facela, deberíanse de cumprir os prazos que aquela establece. Como xa expuxen anteriormente a normativa do aprobado por compensación, no relativo á media que se esixe para se poder acoller a ela, parece oportuno revisala para que beneficie a un maior número de alumnos, sen que supoña unha vía cómoda para aprobar as materias de maior dificultade.

Tampouco faltan as queixas relativas a programas internacionais como Erasmus, tanto por parte dos que van a outras universidades e teñen problemas de recoñecemento de créditos ao seu regreso, como á inversa. Aínda que a boa disposición dos implicados fai que non teñan especial relevancia.

Tamén xeran conflitividade as convocatorias e a adxudicación das bolsas que tanta importancia teñen para os alumnos de calquera dos ciclos, aínda que quizais sexa maior a súa incidencia nos de terceiro ciclo pola contía que acadan, o valor curricular e a necesidade para poder desenvolver as teses de doutoramento. Houbo dous ou tres casos especialmente preocupantes relativos á realización das teses, sobre todo cando se realizan baixo dirección compartida. Sexan cales foren as circunstancias que se produzan ao longo da súa elaboración debe de primar non só a excelencia e o rigor científicos, senón tamén o exquisito respecto ao traballo do doutorando, que ha de quedar á marxe dos problemas que puideren xurdir nos departamentos.

Os casos presentados por profesores foron poucos e refírense a cuestións de tipo administrativo: prazos para cubrir as actas, en particular as correspondentes ao terceiro ciclo; acordos de consello de departamento que consideran fóra da normativa e aspectos que atinxen á súa estabilidade laboral.

Aínda que non foi obxecto de ningunha reclamación formal, en varias subxace un impreciso temor do alumno a posibles represalias por parte de certos profesores ou, incluso, da dirección do centro en que cursa os seus estudos se denuncia o que considera unha práctica inadecuada ou fóra da normativa. Seguramente se houbese sempre, en departamentos e centros, unha normativa actualizada, clara e aprobada polos colectivos competentes se evitarían tales temores e se actuaría con maior rectitude. Por iso, e para rematar este informe, recomendo a actualización dos regulamentos; a elaboración dos que aínda falten e, sempre, o seu exquisito cumprimento. Igualmente considero necesario que o alumno dispoña en cada momento e ocasión dunha información veraz e completa para que, responsablemente, tome as decisións que considere mellores para os seus intereses e proxectos.